



Wenceslao Fernández Flórez, s/n
Tels. 981 613 196
981 613 128
Fax 981 613 169
E-mail: adl@cambre.org
15660 CAMBRE
A Coruña (España)



PROGRAMA FEDER – ININTERCONECTA MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

◆ Normativa

Orde CIN/1729/2011, do 9 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a fomentar a cooperación estable público – privada en investigación e desenvolvemento (I+D), nas áreas de importancia estratéxica para o desenvolvemento da economía española (Programa FEDER – ININTERCONECTA) (BOE nº 148 do 22 de xuño de 2011).

Resolución do 17 de outubro do 2011, do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial, polo que se aproba a convocatoria do ano 2012 para a Comunidade Autónoma de Galicia do procedemento de concesión de subvencións destinadas a fomentar a cooperación estable público – privada en investigación e desenvolvemento (I+D) en áreas de importancia estratéxica para o desenvolvemento da economía española (Programa FEDER – ININTERCONECTA) (BOE nº 265 do 3 de novembro de 2011).

◆ Data límite

- 14 de decembro de 2011

◆ Entidades beneficiarias

- Agrupacións de empresas e agrupacións de interese económico (AIE) constituídas, como mínimo, por 3 empresas autónomas entre si, das que, como mínimo, unha delas ten que ser grande ou mediana e outra ten que ser Peme, segundo a definición da Comisión Europea. No proxecto, ademais, deberá participar un organismo de investigación.

◆ Tipos de axudas

- Para o financiamento de grandes proxectos integrados no desenvolvemento experimental, de carácter estratéxico, grande dimensión e que teñan como obxectivos desenvolvemento de tecnoloxías novedosas en áreas tecnolóxicas de futuro con proxección económica e comercial a nivel internacional, supoñendo ademais un avance tecnolóxico e industrial relevante para Galicia. Con carácter excepcional, poderanse financiar os proxectos de investigación industrial.
- Os proxectos deberán ter unha duración máxima de 3 anos.
- O financiamento poderá alcanzar o 100 % do proxecto.